

C.C./Sof.

INFORME PROPOSTA
APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS

Dada conta que a normativa reguladora para a concesión de subvencións tanto a nivel estatal (Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que aproba o Regulamento da Lei) como autonómico (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia) non establecen o momento en que debe apreciarse a concorrencia dos presupostos de prohibición para ser beneficiario dunha subvención, nin sobre o carácter subsanable ou insubsanable diso.

En concreto, establécese no art. 14.1,e) da Lei 38/2003, como obriga do beneficiario, “acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social...” e no art. 22.2,b) do Real Decreto 887/2006 establécese a posibilidade de achegar posteriormente, unha vez se sexa expedido polo órgano correspondente, o certificado de acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Polo contrario, na nosa Ordenanza xeral de subvencións do ano 2016 (BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016) establece a maiores, no seu art. 10.2 e), ó referirse ós requisitos para obter a condición de beneficiario determina que “ademais de dar cumprimento ás obrigas tributarias (co Estado e a Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social, será necesario tamén dar cumprimento ás obrigas de calquera clase coa Deputación, na data da publicación da convocatoria, no suposto de subvencións en concorrencia, ou no momento de presentar a solicitude no rexistro, no caso de concesión directa”.

Resultando que a confusa redacción de dito precepto, non queda claro se dito prazo engloba a todas as obrigas ou só ás da Deputación, polo que a fin de evitar interpretacións diversas, é convinte fixar expresamente o prazo para a acreditación do cumprimento das obrigas establecidas e alienalo co momento establecido na normativa básica en materia de subvencións. A título de exemplo, en idéntico sentido pronúncianse ordenanzas de diversas entidades locais (Ordenanza do Concello de Madrid, Ordenanza do Concello da Coruña, entre outras).

Considerando que o procedemento para a aprobación da modificación das ordenanzas está establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, requiríndose para iso a súa aprobación por maioría simple do Pleno da Corporación.

Por todo iso proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar inicialmente a modificación do art. 10.2 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, establecendo a seguinte redacción:

“2. Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigacións tributarias (co Estado e a Comunidade Autónoma), fronte á Seguridade Social e coa Deputación con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión.”

Non obstante, o Pleno co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, asinado dixitalmente na data que figura á marxe

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV):NE448OTTHO6G2CQ9

